


As luces dos libros na cidade do faro

Arturo Iglesias



As luces dos libros na cidade do faro Arturo Iglesias

Desde a Asociación Cultural Alexandre Bóveda (ACAB) comezamos un traballo que irá sumando xentes e vontades para poñer un foco sobre todo o que A Coruña ten feito arredor do libro e a lectura. Cremos que estamos a iniciar un longo camiño, para investigar, saber e divulgar a historia local ligada á literatura porque na nosa cidade A LITERATURA É CAPITAL. Hai moito que contar ligado á historia local, á edición e ás bibliotecas da cidade e neste libro facémolo a través do debuxo para que a curiosidade nos leve a esos lugares de luz... Así o conta Manuel Rivas no seu limiar: «Unha biblioteca pública é o paradigma do lugar. Dos escasos espazos compartidos por xente de diferentes xeracións, procedencias, xéneros, pensares, estéticas. Un lugar físico, mais tamén psicoxeográfico, onde conviven a veciñanza real, contemporánea, cos seres da memoria fértil, a descuberta e a imaxinación».

O ecosistema do libro

Manuel Rivas

Edición
Agrupación Cultural
Alexandre Bóveda
© Ilustracións
e textos
Arturo Iglesias
© Limiar
Manuel Rivas
Deseño
Pepe Barro
Impresión
Gráficas Mera
D.L.C362-2024



Despois do DNI, o carné máis espallado na Coruña é o de persoa usuaria dunha das bibliotecas existentes na cidade. É un trazo, pois, de identidade.

O de pertencer ao universo da lectura e do libro. A Coruña como bibliocidade, habitada por bibliocidadás.

O que iso significa?

No mundo confrontan o lugar e o deslugar. A excitación creativa fronte á destrutiva. O inclusivo fronte ao expulsivo. O activismo da memoria fronte ao esquecemento. A biodiversidade fronte á bioperversidade. O libre pensamento fronte ao medo.

Unha biblioteca pública é o paradigma do lugar. Dos escasos espazos compartidos por xente de diferentes xeracións, procedencias, xéneros, pensares, estéticas. Un lugar físico, mais tamén psicoxeográfico, onde conviven a veciñanza real, contemporánea, cos seres da memoria fértil, a descuberta e a imaxinación.



Un lugar, si, de resistencia fronte ao baleiro. Podemos ver as bibliotecas como un ecosistema da des-extinción. Un refuxio da diversidade fronte á depredación. Un hospital onde as palabras recuperan a conciencia e a consciencia. Onde aínda habitan os porqués.

Nun mapa real da Coruña, concibido tamén como cartografía histórica, deberían figurar as bibliotecas que foron e as que son. No mundo submarino, no saber popular, nomea como Almeiro o lugar de máis vida e crianza. Pola contra, o deslugar, o esquilmado, leva o nome de Marca do Medo. Os tempos más fecundos na historia da cidade son aqueles en que a loita pola emancipación social foi da man da arela de cultura. A conquista do pan, a conquista do libro. E os mellores almeiros dese espertar foron as bibliotecas dos ateneos populares. No pasado, o libro figurou no escudo da cidade, canda o faro, como un símbolo das Luces. E aí debería volver.

Biblioteca Municipal do Ágora

A Agra do Orzán é o barrio más poboado da Coruña. O seu crecemento produciuse fundamentalmente nos anos 70 do século pasado, despois de que no ano 1957 se creasen as vivendas dos Mariñeiros, que ás veces dan nome a todo o barrio. Ao seu carón está o centro Ágora.






O centro Socio-Cultural Ágora foi inaugurado en 2012. É un equipamento municipal que integra gran cantidade de servizos e programas: aulas, obradoiros, oficinas municipais, auditorio con capacidade para máis de 500 persoas e biblioteca.

A Biblioteca Municipal Ágora ten 1.848 m² sendo a de maior tamaño da Rede Municipal de Bibliotecas da Coruña. Ten espazos para bebés, infantil e xuvenil, para o acceso a internet e o uso de ordenadores, para a lectura de xornais e revistas, visionado de películas, etc.



Biblioteca Municipal do Castrillón


O barrio do Castrillón pertencia ao antigo concello de Oza até que este pasou a integrarse no da Coruña tras a súa absorción en 1912.





A biblioteca forma parte da Rede Municipal de Bibliotecas e comparte edificio co Centro Cívico do Castrillón, onde hai un Espazo de atención á infancia, unha sala de exposicións, un salón de actos e diversas

10




Inaugurouse no ano 1996 e en 2008 fixoselle unha importante ampliación pasando a ocupar na actualidade dous andares e 1200 m².

11

Biblioteca do Circo de Artesáns

O Circo de Artesáns fundouno,
o 19 de marzo de 1847, Jorge José Yáñez
co obxectivo de crear un espazo
de encontro para os comerciantes
do centro da cidade.

Dende o momento da súa creación,
contou cunha biblioteca, e o seu
bibliotecario era un membro máis
da Xunta Directiva.





O Circo estivo situado en diferentes localizacións até a definitiva no edificio actual da rúa do Santo André no ano 1895.

A súa ideoloxía progresista e de defensa da identidade do país levouno a contar coa presenza de notables personalidades ao longo da historia e mesmo a ser o lugar onde se inaugurou a Real Academia Galega no ano 1906.




En 1918, a biblioteca do Circo ocupará todo o andar principal do edificio.


Entre as importantes personalidades que dirixiron a biblioteca destaca Antón Vilar Ponte, en 1926.

Durante a Ditadura franquista sufriu espolio, e máis de mil libros foron queimados.

Biblioteca da Casa do Consulado

A rúa das Panadeiras chegou a ter doce fornos de pan, o que, seguramente, xustifica o seu nome, áinda que ao longo da historia teña mudado en múltiples ocasións.





En 1785 créase o Real Consulado e pasa a ocupar o edificio situado nesta rúa despois de comprarlo ao seu propietario que o utilizaba como vivenda particular.

O Real Consulado da Coruña é a institución cultural privada más antiga do Estado español.




O edificio, que durante un tempo foi ocupado polo Museo de Belas Artes, está na actualidade compartido coas Academias de Belas Artes, de Xurisprudencia e Lexislación, de Gastronomía e do Audiovisual.

Dende o primeiro momento houbo un interese por parte do Consulado na ilustración da cidadanía, creando en 1803 unha biblioteca, que pasaría a ser a primeira pública de toda Galiza, adiantándose ao decreto de creación de bibliotecas provinciales de 1837, orixe das bibliotecas públicas no Estado Español.


Biblioteca da Deputación Provincial da Coruña

O teatro Rosalía de Castro inaugúrase o 25 de decembro de 1840. Cinco anos máis tarde créase, nunha parte do edificio, a Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña ao facer públicos, grazas ao proceso de desamortización, os fondos que agochaban diversos conventos.






Entre as persoas que dirixiron a biblioteca destacan Linares Rivas, que o foi o seu primeiro director, ou Manuel Murguía.




Ten algo máis de 2.000 m² e o máis significativo son as bibliotecas persoais que inclúe, como a de César Antonio Molina, Luis Seoane ou Wenceslao Fernández Flórez. Tamén son relevantes os seus fondos musicais, como a colección de partituras de Canuto Berea ou as do Ballet Galego Rey de Viana.

Biblioteca Municipal do Forum Metropolitano

O Parque Europa construíuse no ano 1994 na zona onde se atopaban os antigos depósitos de combustible do porto. Como elementos de xogo e decoración ten varias esculturas ao estilo do Parque Güel de Barcelona.






Unha gran parte do parque ocúpaa o edificio do Forum Metropolitano, un espazo onde se atopan varias salas de cine, un auditorio, diversas oficinas municipais e unha biblioteca.



Con 1.015 m², a biblioteca do Forum inaugrouse en 1996 e foi completamente reformada en 2011. Forma parte da Rede Municipal de Bibliotecas. Foi a primeira da Coruña en crear un club de lectura.

Casa da Cultura Salvador de Madariaga


A rúa Durán Loriga recibe o seu nome en honra ao matemático nado na Coruña en 1854. A decisión de dedicarlle esta rúa foi tomada polo Concello poucos anos despois da súa morte en 1911.



Nesta rúa atópase a Casa da Cultura Salvador de Madariaga, que dende 1970 é de xestión municipal e dentro da cal están aloxados diversos organismos. Foi deseñado en 1925 por Miguel Durán, fillo de Durán Loriga, como sede da Delegación de Facenda. Na actualidade acolle o Arquivo Histórico Municipal, o Centro Galego de Artes da Imaxe e dúas bibliotecas:

Biblioteca Municipal
Durán Loriga

Biblioteca Municipal
de Estudos Locais





Biblioteca Municipal Durán Loriga

Unha das institucións que se atopa neste edificio é unha biblioteca da Rede Municipal de Bibliotecas. Inaugurada en maio de 1991 como biblioteca especializada en literatura infantil e xuvenil, na actualidade ocupa 301 m² e está dirixida a todo tipo de públicos.




Biblioteca Municipal de Estudos Locais

Esta biblioteca está considerada de Especial Interese ocupa 654 m² e foi inaugurada en 1991 coa responsabilidade de recompilar, organizar, conservar e difundir o patrimonio bibliográfico da cidade.

Punto de Servizo Bibliotecario Mesoiro

Separando o polígono industrial de POCOMACO do lugar de Mesoiro, na parroquia de Elviña, transcorre o río Mesoiro, que é un dos múltiples nomes que recibe o río Monelos ao longo do seu percorrido.


Desconectado do centro urbano, con péssima orientación e malas condicións orográficas construíuse, a principios deste século, unha macrourbanización coñecida co nome de Novo Mesoiro.




A presión vecinal fixo que, como paso previo á creación dunha biblioteca municipal, se crease este Punto de Servizo Bibliotecario dentro do Centro Cívico de Mesoiro, onde, desde 2017, comparte espazo cos outros servizos que ali se prestan.

Biblioteca Municipal Monte Alto

Monte Alto é un barrio tradicional da Coruña que ocupa boa parte da península que a conforma. Entre os seus espazos más simbólicos atópase o depósito da auga coñecido como O Vixía, cun xemelgo no barrio de Eirís.





A biblioteca está situada no terceiro andar do Centro Cívico do barrio, na praza dos avós. Baixo esta praza está o primeiro depósito de auga da Coruña, que comezou a funcionar a principios do século pasado.



A biblioteca abriu ao público en 1999 e foi a primeira biblioteca municipal totalmente informatizada e que ofreceu ordenadores de acceso público.

Biblioteca Municipal As Roseiras

As Roseiras é un barrio que comezou a construirse a finais do ano 1993 e que acadou o seu máximo de poboación no ano 2015 con 4.808 persoas.


A rosa é a flor da roseira. É tan frecuente que na nosa lingua emprégase como sinónimo de flor. Curiosamente no nomenclátor de Galicia denominase como topónimo oficial do barrio «Os Rosales», termo que non ten significado en ningunha lingua.



Inaugurada en setembro de 2009 forma parte da Rede Municipal de Bibliotecas. Comparte o seu edificio co Centro Cívico Municipal.

A Bebeteca é un servizo bibliotecario dirixido especificamente aos nenos e nenas de 0 a 3 anos.

A das Roseiras, foi a primeira en contar cunha Bebeteca dende o seu deseño inicial.



Biblioteca Municipal Sagrada Familia

O barrio da Sagrada Familia comezouse a construír no ano 1954, sendo os seus momentos de maior crecemento entre finais dos 60 e principios dos 70.





Un padroado integrado por unha obra benéfico social e o Concello da Coruña puxo en funcionamento esta biblioteca no ano 1991 na que, durante os anos 2002 e 2003, se realizará unha importante reforma e ampliación.





Na actualidade ten 740 m² organizados en dúas salas e unha aula de formación, ademais do depósito e a zona de traballo.

Biblioteca Pública da Coruña González Garcés

É unha das cinco bibliotecas de Galiza de titularidade estatal, áinda que dende o ano 1989 está xestionada pola Xunta de Galicia.

Estivo situada en diferentes espazos da Coruña e hai referencias dela dende o ano 1895. En abril de 1995 inaugurouse o edificio no que está situada dende aquela.






Recibe o seu nome en honra ao que foi
o seu director durante boa parte do
século pasado, o escritor e xornalista
Miguel González Garcés.



Ten unha superficie de 6.216 m² dividida
en 3 andares onde se distribúen salas
de consulta, de préstamo, de exposicións,
audiovisuais ou comiteca, entre outros
moitos servizos.



ÍNDICE

- 2 O ecosistema do libro** Manuel Rivas
- 4 Biblioteca Municipal do Ágora**
- 8 Biblioteca Municipal do Castrillón**
- 12 Biblioteca do Circo de Artesáns**
- 16 Biblioteca da Casa do Consulado**
- 20 Biblioteca da Deputación Provincial da Coruña**
- 24 Biblioteca Municipal do Forum Metropolitano**
- 28 Casa da Cultura Salvador de Madariaga**
- 32 Biblioteca Municipal Durán Loriga**
- 33 Biblioteca Municipal de Estudos Locais**
- 34 Punto de Servizo Bibliotecario Mesoiro**
- 36 Biblioteca Municipal Monte Alto**
- 40 Biblioteca Municipal As Roseiras**
- 44 Biblioteca Municipal Sagrada Família**
- 48 Biblioteca Pública da Coruña González Garcés**